



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Colexio de Educación Infantil e Primaria
Sada e contornos

Avda. Sada e contornos s/n
15160 SADA A CORUÑA
Tlfo e Fax 981 620 337
Correo electrónico: ceip.sada@edu.xunta.es

OBXECTIVOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE PROMOCIÓN

ÍNDICE

EDUCACIÓN INFANTIL

- Obxectivos mínimos de etapa 2
- Área de Educación Física 2

PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Área de Lingua 4
- Área de Matemáticas 4
- Coñecemento do Medio 5

SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Área de Lingua 6
- Área de Matemáticas 8
- Área de Coñecemento do Medio 9

TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Área de Lingua 11
- Área de Matemáticas 13
- Área de Coñecemento do Medio 15

ESPECIALIDADES

- Área de Lingua Inglesa 18
- Área de Educación Musical 20
- Área de Educación Física 22

- CRITERIOS DE PROMOCIÓN 25

EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS MÍNIMOS DE ETAPA

- 1.- Valorar e respectar as normas básicas de comportamento e convivencia
- 2.- Valorar de forma positiva a se mesmo e ós demais
- 3.- Orientarse e actuar de forma autónoma nos espazos cotiáns
- 4.- Respectar e coidar os elementos do entorno
- 5.- Recoñecer partes e articulacións principais do corpo
- 6.- Realizar autonomamente os hábitos de limpeza, aseo e hixiene persoal
- 7.- Utilizar un vocabulario preciso e pronuncialo correctamente
- 8.- Identificar vocais e consonantes
- 9.- Contar e identificar a grafía dos dez primeiros números
- 10.- Identificar os cores e o círculo, triángulo e cadrado
- 11.- Clasificar obxectos pola súa forma, tamaño e posición
- 12.- Coñecer medidas de tempo (día, mes, ano, estacións).

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Relacións cos compañeiros e actitudes

- Participar activamente nas actividades propostas e colaborar co grupo.
- Mante-la atención e o esforzo.
- Pedir axuda ós compañeiros ou ó adulto cando sexa preciso.
- Precaución ante situacións perigosas.

Coñecemento do corpo

- Coñecer e identifica-las partes do corpo.
- Recoñece-las características dalgunhas partes do corpo.
- Recoñece-la simetría corporal. Partes dobres e únicas do corpo.

Habilidades perceptivo-motrices

- Coñecemento da actitude e postura:
 - Equilibrarse un mesmo e equilibrar obxectos, estática e dinamicamente.
 - Interioriza-la postura de equilibrio modificando a altura e a base de sustentación.
 - Coñece-las posturas ou posicións máis habituais: de pé, sentado, tombado, de xeonllo, suspendido,...
- Percepción, organización e representación espacial:
 - Distingui-las distancias e orientación dos obxectos.
- Percepción, organización e representación temporal:
 - Identificar e reproducir ritmos sinxelos.
- Coordinación oculo-motriz:
 - Adquiri-la capacidade para: tocar, golpear, lanzar e recibir.
- Coordinación locomotriz:

- Adquirir-la capacidade para andar, correr fluidamente, reptar, saltar (de fronte, de lado, de costas) e saltar dende alturas reducidas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Denominación das partes do corpo. Funcións e utilidade.
- Discriminación de cores, tamaños e calidades tactís.
- Reproducción e invención de posturas.
- Manterse inmóbil, en equilibrio estático.
- Manter o equilibrio dinámico variando a altura e a base de sustentación.
- Realizar distintos tipos de marcha: andar, gatear, arrastrarse, reptar, correr, ...
- Control da velocidade e a orientación da marcha.
- Coordinación óculo-manual. Dominio da man.
- Coordinación óculo-pé. Dominio do pé.
- Experimentación de nocións espaciais: diante-detrás, a un lado, encima, debaixo, arriba, abaixo, dentro, fora, cerca, lonxe,...
- Imitación de modelos xestuais.
- Diferenciación son-silencio.
- Seguimento dun ritmo: lento, normal, rápido.
- Reproducir un ritmo sinxelo.

PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS XERAIS

- Valoración previa da madurez dos alumnos ó comeza-lo curso.
- Establecer os obxectivos mínimos segundo o grao de madurez dos alumnos.

ÁREA DE LINGUA

OBXECTIVOS

- Comprender e expresar diferentes tipos de mensaxes orais e escritas, relacionándoas coas súas experiencias e aplicándoas ós novos procesos de aprendizaxe.
- Ler e comprender o que le, con pronunciación, entoación e pausas correctas.
- Construír frases orais e escritas coas palabras subliñadas dun texto.
- Usar correctamente as maiúsculas en nomes propios, ó empezar a escribir e despois de punto.
- Uso axeitado de punto, coma, interrogación e admiración.
- Usar r/rr; c/z; g/á/gü; br/bl, correctamente.
- Valorar e estimar a lingua de Galicia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar con atención e respecto en situacións de comunicación oral propias da vida escolar: actividades en grupo, facer preguntas,...
- Memorizar textos orais sinxelos, empregando a entoación e ritmo adecuados.
- Elaborar textos sinxelos e curtos escritos con coherencia (separando as palabras e empregando as normas sinaladas nos obxectivos mínimos).
- Apreciar as dúas linguas (galego e castelán) como medio de comunicación na vida diaria tendo presente a nosa condición de comunidade bilingüe.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS

- Empregar o sistema decimal de numeración ata o millar coñecendo o valor posicional das cifras. Sinalar anterior e posterior.
- Practica-lo cálculo mental para realizar operacións de suma e resta, sen levar, de números sinxelos.
- Coñece-los instrumentos e unidades de medida: pasos, cuartas, polgadas; tempo: meses, semana, ano, día; reloxo: hora, minutos,...

- Resolución de problemas sinxelos coas operacións de sumar e restar.
- Identificar figuras xeométricas do entorno máis próximo: círculo, cadrado, triángulo, e rectángulo.
- Saber colocarse à dereita ou esquerda de outro e utiliza-lo espacio libre nos movementos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Contar ler e escribir números ata o millar coñecendo o valor que indica a posición das cifras, distinguindo unidades, decenas e centenas.
- Resolver problemas sinxelos relacionados coa situación da vida cotiá, empregando as operacións de suma e resta.
- Medir obxectos e espazos con unidades de medida convencionais: cintas, polgadas, cuartas, pasos, etc. Tempo: mes, día, semana, etc. Reloxo: hora, minuto, etc.
- Capacidade para orientarse, situarse sendo eles o punto de referencia en relación ós demais, con obxectos do seu entorno empregando as posicións de dereita, esquerda, dentro, fora, enriba, debaixo, diante, detrás, lonxe, cerca, etc.

COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS

- Recoñece-lo entorno físico inmediato.
- Recoñece-los grupos sociais nos que está implicado persoalmente.
- Recoñece-los medios de comunicación e transporte.
- Adquirir maior dominio das normas que rexen o intercambio comunitario (barrio, concello, etc.)
- Coñece-los sentidos corporais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e utilizar as regras de convivencia máis usuais.
- Aplicar criterios que permitan descubri-lo coidado do seu entorno e as diferencias entre seres vivos e inertes.
- Realizar observacións para descubrir os fenómenos atmosféricos, seres vivos, estacións e medios de comunicación.
- Descubri-los traballos e profesións máis habituais do seu entorno, así como as ferramentas e máquinas máis elementais.
- Utilizar hábitos elementais relacionados coa alimentación, hixiene e posturas correctas que favorezan a saúde.

SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE LINGUA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Comprensión e expresión oral

- Manter coloquios respectando a quenda de palabra.
- Ler un texto en voz alta con ritmo, entoación, pronunciación e pausas axeitadas.
- Resumir oralmente o escoitado ou lido.

Comprensión e expresión escrita

- Utilizar o dicionario valéndose das palabras guía e elixindo a acepción adecuada ó contexto.
- Escribir unha sinxela narración coa estrutura de inicio, nó e desenlace.
- Facer unha sinxela descrición ordenada de animais, persoas, cousas, ...
- Facer un resumen dun texto dado.

Vocabulario

- Construír palabras compostas, derivadas, aumentativos e diminutivos.
- Relacionar sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
- Formar familias de palabras.

Iniciación gramatical

- Distinguir oracións enunciativas, interrogativas, exclamativas e imperativas.
- Recoñecer suxeito e predicado nunha oración simple.
- Recoñecer nun texto: nomes, verbos, adxectivos cualificativos.
- Recoñecer o xénero e número nas palabras.
- Recoñecer o presente, pasado e futuro nun verbo.

Ortografía

- Uso das maiúsculas en nomes propios, ó inicio dunha frase e despois de punto.
- Uso dos signos de puntuación: punto e coma. Signos ¿?, ¡!
- Uso de r / rr. Uso de r despois de l, n, s.
- Uso de c / Clasifica-las, z / c.
- Uso de h.
- Uso de g / gu / gü.
- As sílabas br / bl.
- A sílaba tónica na palabra.

Ademais en castelán:

- Terminacións en d e z.
- Uso j / g.
- As letras l / Y e Y / LL.
- Palabras con LL, ILLO/ILLA.

Ademais destes obxectivos tenderase á consecución doutros de carácter máis xeral:

- Presentación correcta, ordenada e limpa dos traballos.
- Adquirir-lo hábito e gusto pola lectura.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Comprensión e expresión oral:

- Expresarse correctamente de forma oral participando de forma ordenada e activamente nun diálogo de grupo.
- Ler sen titubeos, con dicción clara e ritmo axeitado. Na lectura silenciosa face-lo sen move-los beizos, nin segui-la lectura co dedo, interpretando o sentido global do texto.

Comprensión e expresión escrita:

- Saber localizar palabras no dicionario facendo uso das palabras guía.
- Narrar con orde e claridade, oralmente e por escrito, unha historia breve.
- Facer descrições sinxelas, evitando “enumerar” e procurando “contar”, apoiadas en debuxos ou guiños.
- Aplicar estratexias para comprende-la idea principal dun texto e extraer del a información básica.

Vocabulario:

- Formar familias de palabras engadindo prefixos e sufixos.
- Clasificar palabras en familias.
- Formar palabras compostas.
- Saber utilizar sinónimos e antónimos en contextos axeitados.

Iniciación gramatical:

- Discriminar oracións interrogativas, exclamativas, interrogativas, imperativas, afirmativas e negativas.
- Identifica-lo suxeito e predicado nunha oración simple.
- Clasifica-as palabras dun texto en: nomes, artigos, adxectivos cualificativos e verbos.
- Recoñecer e utilizar o xénero e número.
- Distingui-lo pasado, presente e futuro.

Ortografía

- Producir textos utilizando os signos de puntuación axeitados.
- Usar correctamente as normas ortográficas aprendidas.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Numeración

- Ler, escribir, compoñer, descompoñer, ordenar, sinalar o anterior e posterior dos números naturais ata 999.999.
- Coñece-lo valor posicional das cifras en números ata 999.999.
- Sabe-lo valor dos símbolos dos números romanos.

Cálculo

- Sumar, restar, multiplicar e dividir por dúas cifras.
- Saber face-la proba da división.
- Resolver problemas sinxelos combinando sumas, restas, multiplicacións e/ou divisións...
- Calcula-lo dobre, metade, triplo e tercio dun número.
- A fracción decimal: décima, centésima e milésima.
- Representar graficamente fraccións (unidade dividida en partes).

Medidas

- Coñece-las unidades de medida: lonxitude, capacidade e masa.
- Coñece-los múltiplos e submúltiplos das unidades de medida e as relacións que hai entre eles (ata milésimas).
- Converter números complexos en incomplexos e viceversa.

Xeometría

- Coñece-lo concepto de ángulo e a súa clasificación.
- Recoñece-lo concepto de polígono.
- Recoñece-lo triángulo, cadrado e o rectángulo.
- Recoñece-la circunferencia e o círculo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Numeración:

- Saber ler, escribir, compoñer, descompoñer, ordenar, sinalar o anterior e posterior dos números naturais ata 999.999.
- Identificar o valor posicional das cifras en números ata 999.999.
- Sabe-lo valor dos símbolos dos números romanos.

Cálculo:

- Realizar cálculos con sumas, restas, multiplicacións, e divisións por dúas cifras.
- Saber resolver problemas sinxelos combinando sumas, restas, multiplicacións e/ou divisións...
- Saber calcula-lo dobre, metade, triplo e tercio dun número.
- Saber recoñecer a fracción decimal: décima, centésima e milésima.
- Representar graficamente fraccións (unidade dividida en partes).

Medidas:

- Utiliza-las unidades de medida: lonxitude, capacidade e masa.
- Operar con múltiplos e submúltiplos das unidades de medida e as relacións que hai entre eles (ata milésimas).
- Saber converter números complexos en incomplexos e viceversa.
- Transformar cantidades de medidas de distintos ordenes.

Xeometría:

- Identificar distintos tipos de ángulos.
- Recoñece-lo espacio comprendido nunha liña poligonal cerrada como polígono.
- Identificar polígonos: triángulo, cadrado e o rectángulo.
- Diferenciar círculo (espacio) e circunferencia (liña).

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS MÍNIMOS

O ser humano e a saúde

- Distingui-los segmentos corporais: cabeza tronco e extremidades.
- Recoñece-las funcións e partes dos aparatos locomotor e dixestivo.
- Recoñece-los sentidos: órganos e percepcións.
- Adquirir hábitos saudables de coidado do corpo: dieta alimenticia, práctica do deporte, hixiene,...

O medio físico e os seres vivos

- Recoñece-los elementos e acontecementos que conforman o medio físico: aire, auga, as estacións, o transcurso do tempo (hora, día e noite, semana, mes, ano), os seres vivos e inertes.
- Coidados e actitudes que debemos ter no noso medio físico: protección de animais e plantas, valoración da auga como medio escaso,...

Os materiais e as súas propiedades

- Diferenciar sólidos, líquidos e gases.
- Identifica-las sensacións dos distintos materiais: cor, dureza, textura, comportamento ante a luz

As paisaxes no mundo

- Identificación dos elementos máis salientables que configuran a paisaxe natural no aire, mar e terra.
- Diferenciar distintas paisaxes: paisaxe rural, marítima, urbana,...

A poboación e as actividades humanas

- Recoñece-las profesións e traballos máis habituais.
- Distinguir materias primas de produtos elaborados.

A organización da sociedade

- Identifica-lo concello como estrutura e coñece-lo seu funcionamento: división territorial (aldea, parroquia, vila) e estrutura (servicios públicos).

Os transportes e comunicacións

- Recoñecer distintos medios de transporte e os principais medios de comunicación.
- Identifica-las principais normas de circulación como peón (semáforos, pasos de cebra, sinais máis comúns,)

O mundo actual

- Recoñece-las principais costumes e festas populares. Manter un comportamento respectuoso cara a elas.
- Comportamento de respecto coas persoas e grupos sociais (etnias e culturas).

A Humanidade e a enerxía

- Distintas formas de enerxía e a súa procedencia.
- Uso racional da enerxía.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Practicar hábitos elementais relacionados coa alimentación, a hixiene, o descanso e posturas correctas que favorezan a saúde humana.
- Utilizar as regras de convivencia máis usuais.
- Usar axeitadamente nocións temporais: hora, día, mes,....
- Aplicar correctamente criterios que permitan descubri-lo coidado do seu entorno e as diferencias entre seres vivos e non vivos.
- Recoñece-los oficios máis habituais, as súas ferramentas e os produtos elaborados por eles.
- Realizar observacións (seres vivos, inertes, elementos da paisaxe,...) e medicións (termómetro, pluviómetro, ...) no seu contorno.

TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE LINGUA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Usos e formas da comunicación oral

- Ler comprensiva e expresamente, coa pronunciación, ritmo, pausas e entoación adecuadas de textos en verso e en prosa.
- Coñecer e utilizar o vocabulario axeitado ó seu nivel.
- Participar de maneira reflexiva e constructiva nas situacións de intercambio comunicativo (*conversas, diálogos, debates, entrevistas, ...*)
- Utilizar técnicas de expresión oral: *narracións, exposicións, descricións, ...*
- Interpretar de maneira adecuada os elementos do texto escrito (*signos de puntuación, subliñados, grosa, ...*)
- Adquirir unha actitude crítica ante mensaxes, mostrando especial atención a aquelas que supoñan unha discriminación
- Adquirir unha actitude de respecto ás distintas opinións.

Usos e formas da comunicación escrita

- Escribir e utilizar correctamente as palabras do vocabulario básico e ortográfico.
- Presenta-los traballos escritos de forma clara e ordenada, aplicando normas ortográficas.
- Respetar e aplicar as normas do diálogo escrito.
- Buscar información para a elaboración de textos (*diccionario, libros de consulta...*)
- Expresarse por escrito por medio de *experiencias persoais, descricións, ...*
- Analizar distintos textos (*artigos de prensa, carteis, historietas, ...*)

Análise e reflexión sobre a lingua

- Diferencia-los conceptos de linguaxe, lingua e fala.
- Coñece-los orixes da lingua galega e da lingua española.
- Coñecer e respectar a existencia doutras linguas e dialectos.
- Ampliar e afianzar contidos do vocabulario (*familias léxicas, campos semánticos, antónimos, sinónimos, ...*)

Ortografía

- Aplica-las regulamentos ortográficas fundamentais:
 - *Uso das maiúsculas*
 - *Uso de b,v; g, j; ll,y; r,rr; z,d, ó final de palabra; palabras con h,x,it,cc.*
 - *Normas xerais de acentuación*
 - *Acentuación ortográfica de ditongos, tritongos e hiatos*
 - *Acentuación diacrítica*
- Os signos ortográficos (*punto, coma, dous puntos, interrogación e admiración, guión, comiñas, raia, paréntese.*)

Morfosintaxe

- Recoñece-las categorías morfolóxicas: *o nome, o verbo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o adverbio, o xénero, o número.*
- Distinguir oracións simples de distintas clases.
- Diferencia-lo suxeito e o predicado das oracións.
- Recoñece-lo grupo do suxeito nunha oración identificando o seu núcleo, complementos e determinantes.
- Identifica-lo predicado dunha oración, o seu núcleo e os seus complementos.
- Distinguir entre predicado verbal e predicado nominal .

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler con pronunciación e ritmo adecuados.
- Utilizar correctamente as palabras do vocabulario básico.
- Participar de maneira reflexiva e constructiva en conversas, diálogos, debates,...
- Utilizar técnicas de expresión oral.
- Interpretar adecuadamente os elementos dos textos escritos.
- Adquirir unha actitude crítica ante mensaxes.
- Respecta-las distintas opinións.
- Escribir e utilizar correctamente as palabras do vocabulario básico.
- Presenta-los traballos con orden e ortografía correcta.
- Respecta-las normas do diálogo oral e escrito.
- Buscar información en distintos libros para a elaboración de textos.
- Realiza-lo comentario de distintos textos.
- Diferencia-los conceptos de linguaxe, lingua e fala.
- Coñece-los orixes das linguas galega e castelán.
- Coñecer e respectar a existencia doutras linguas e dialectos.
- Recoñecer e afianzar contidos do vocabulario.
- Coñecer e aplicar nos seus escritos as regulamentos ortográficas sobre o uso das maiúsculas.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas sobre o uso da b; subtracción; ll-y; r-rr; z-d ó final de palabra; palabras con h-x-ct-cc.
- Coñecer e aplicar nos escritos elaborados por eles as normas ortográficas estudadas sobre o uso da til en palabras agudas, graves e esdrúxulas; en ditongos e tritongos; en interrogativos e exclamativos.
- Aplicar na escritura as normas ortográficas sobre o uso do punto, a coma, os dous puntos, a interrogación e admiración, as comiñas, o guión, a raia e o paréntese.
- Recoñecer, clasificar e analizar o nome, o verbo, o adxectivo, o determinante, o pronome o adverbio o xénero e o número, dentro dunha oración.
- Distinguir oracións simples de distintas clases.
- Diferencia-lo suxeito e o predicado das oracións.
- Analizar unha oración simple identificando no grupo do suxeito o núcleo, os complementos e os determinantes.
- Analizar unha oración simple identificando no grupo do predicado o núcleo e os complementos.

- Distinguir entre predicado verbal e predicado nominal.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Números e operacións

- Ler e escribir números de máis de nove cifras.
- Sumar, restar, multiplicar e dividir números naturais.
- Resolver problemas con operacións combinadas de suma, resta, multiplicación e división.
- Calcula-los múltiplos e divisores dun número.
- Identificar e interpretar os termos dunha potencia.
- Calcular cadrados e cubos de números naturais.

Números decimais

- Ler e escribir números decimais.
- Clasificar e ordenar números decimais.
- Relacionar número decimal e fracción decimal.
- Sumar, restar e multiplicar números decimais.
- Dividir números decimais.

Números fraccionarios

- Representar mediante esquemas gráficos o concepto dunha fracción.
- Comparar e ordenar fraccións.
- Realizar operacións con fraccións (*suma e resta, igual denominador; multiplicación e división*).
- Calcula-la fracción dunha cantidade.
- Obter fraccións equivalentes.
- Identificar fraccións maiores, menores e iguais que a unidade.
- Amplificar e simplificar fraccións.

Sistema sesaxesimal

- Identifica-las unidades de medida do tempo.
- Expresar cantidades de medida de tempo en forma complexa e incomplexa.
- Sumar e restar unidades de tempo en forma complexa.
- Multiplicar cantidades de tempo por un número.

Lonxitude e superficie

- Identificar magnitudes.
- Relaciona-la magnitude coa unidade correspondente.
- Comparar medidas e establecer equivalencias.
- Interpretar medidas expresadas en forma complexa e á.
- Sumar e restar cantidades de medida de lonxitude.
- Multiplicar e dividir cantidades de lonxitude.
- Resolver problemas nos que interveñan unidades de medida de lonxitude.
- Describir as principais unidades de medida de superficie.

Masa e capacidade

- Distinguir volume, masa e peso como tres dimensións distintas.
- Enumerar os múltiplos e submúltiplos do gramo e do litro.
- Expresar cantidades en forma complexa e incomplexa.
- Elixi-la unidade axeitada para medir distintas cantidades de masa e de capacidade.

Formas xeométricas

- Identifica-los polígonos e os seus elementos.
- Distinguir entre polígono regular e irregular.
- Identificar e nomear diferentes clases de polígonos.
- Defini-la base y a altura de triángulos, paralelogramos e trapeacios.
- Calcula-lo perímetro dos polígonos estudiados.
- Clasifica-los triángulos segundo os lados e ángulos.
- Debuxar e identificar a circunferencia e os seus elementos.
- Debuxar e identificar o círculo e os seus elementos.
- Nomea-las circunferencias segundo a súa posición.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Números e operacións

- Ler e escribir números de máis de nove cifras.
- Sumar, restar, multiplicar e dividir números naturais.
- Resolver problemas e expresar correctamente a solución.
- Recoñecer e aplicar as propiedades das operacións.
- Calcular múltiplos e divisores de números naturais.
- Expresar e calcular potencias.

Números decimais

- Ler e escribir números decimais e fraccións decimais.
- Realizar correctamente as operacións de adición, substracción, multiplicación e división de números decimais.
- Redondear números.
- Resolver problemas con números decimais

Números fraccionarios

- Ordenar fraccións con igual denominador.
- Sumar e restar fraccións de igual ou distinto denominador.
- Multiplicar e dividir fraccións.
- Amplificar e simplificar fraccións.
- Calcular a fracción dunha cantidade.
- Representar fraccións menores e maiores ca unidade.
- Resolver problemas con números fraccionarios.

Sistema sesaxesimal

- Expresar con exactitude medidas de tempo no sistema sesaxesimal.
- Sumar e restar, en forma complexa, cantidades de tempo.
- Multiplicar e dividir cantidades de tempo por un número.

- Resolver problemas con unidades do sistema sexaxesimal.

Lonxitude e superficie

- Medir magnitudes e expresalas na unidade máis axeitada en cada caso.
- Transforma-las unidades de medida de lonxitude de forma complexa a incomplexa, e viceversa.
- Resolver problemas relacionados con unidades de medida de lonxitude.
- Sumar e restar cantidades de medida de lonxitude.
- Multiplicar e dividir cantidades de medida de lonxitude por un número.

Masa e capacidade

- Enumerar e ordenar as unidades de medida de superficie.
- Coñecer e distinguir os conceptos de volume, masa e peso.
- Operar con múltiplos e submúltiplos.
- Transformar cantidades en forma complexa a incomplexa, e viceversa.
- Resolver problemas utilizando as unidades de medida de capacidade e de masa.

Formas xeométricas

- Identificar e nomear polígonos e os seus elementos.
- Debuxar polígonos e os seus elementos.
- Resolver problemas de áreas aplicando as fórmulas axeitadas.
- Calcula-lo perímetro dos polígonos estudados.
- Describir e clasificar triángulos segundo os lados e ángulos.
- Identifica-los elementos da circunferencia e do círculo.
- Trazar circunferencias e círculos e sinalar os elementos.
- Utilizar correctamente o compás e a regra.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Coñece-lo propio corpo e as súas posibilidades

- Interpreta-los seus cambios corporais.
- Coñece-las funcións de nutrición, relación, reprodución: aparellos e órganos.
- Valora-la hixiene relacionada cos sistemas: locomotor, dixestivo, respiratorio, circulatorio, excretor e reproductor.
- Descubri-la contribución que teñen os alimentos nos nosos organismos. Dietas.

Coñece-lo medio natural

- Interpretar rochas e solo: compoñentes, importancia.
- Busca-la relación: aire, fenómenos atmosféricos, tempo.
- Valora-la importancia da auga na vida: configuración, paisaxes, uso ...
- Descubri-lo firmamento: ceo, sol, nubes, planetas, estrelas, lúa, orientación.

Coñece-lo que representan os distintos ámbitos espaciais

Coñece-los elementos que configuran a paisaxe de Galicia e España

- Coñece-lo relevo.
- Coñece-los diferentes climas.
- Coñece-las diferentes rexións.
- Coñece-la flora e fauna máis representativa: ECOSISTEMA.
- Coñece-los distintos medios de comunicación e transporte.
- Coñece-la relación entre a paisaxe, relevo e clima.

(Galicia, 5º Primaria - España, 6º Primaria)

Coñece-la interacción natureza e sociedade

- Coñece-la utilidade e emprego das fontes de enerxía alternativa.
- Comprende-las relacións entre a presenza humana e os seus efectos sobre a paisaxe e contaminación.

Coñece-las etapas da Prehistoria e Historia

- Coñece-los acontecementos históricos máis relevantes nas distintas etapas.
- Entende-la diversidade cultural da nosa comunidade e do territorio español.
- Valora-la influencia dalgunhas persoas, en diversos feitos relevantes da Historia de Galicia e de España.
- Coñecer, valorar e conservar, os restos materiais de Galicia e de España
- Valora-la “Educación para a PAZ, como alternativa do futuro”

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identifica-los principais órganos implicados no desenvolvemento das funcións vitais.
- Relaciona-los órganos coa función que desempeñan.
- Adoptar actitudes e hábitos que benefician o funcionamento do corpo.
- Distinguir nos alimentos: orixe, función, conservación.
- Recoñece-la composición do aire.
- Diferenciar corpos sólidos, líquidos, gasosos.
- Explica-lo ciclo da auga.
- Coñece-las funcións da atmosfera: capas.
- Explica-las capas da terra.
- Indica-los elementos que compoñen o sistema solar.
- Explica-los movementos da terra: consecuencias.
- Interpreta-la Terra no universo: paralelos, meridianos Interpretar planos e mapas, para obter información, e para poder desprazarse en lugares descoñecidos.
- Localiza-las formas de relevo (Galicia – España).
- Situa-los principais mares, ríos, lagos (Galicia – España).
- Diferencia-los distintos tipos de clima (Galicia – España).
- Identificar distintos medios de transporte: vantaxes e diferencias. Identificar diferentes manifestacións da enerxía.

- Diferenciar enerxías renovables das que non o son.
- Distingui-las vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía.
- Participar en actividades dirixidas à protección do medio ambiente. Situar acontecementos históricos, nun eixo cronolóxico.
- Sinala-las características significativas dalgunhas etapas históricas.
- Descubri-las diferencias máis relevantes nas distintas artes que atopamos co paso do tempo (rupestre, románico, gótico, ...)
- Investigar e reflectir os aspectos característicos da España do s. XIX, e s. XX.

EDUCACIÓN PRIMARIA: ÁREA DE LINGUA INGLESA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Comunicación oral

- Comprender textos orais sinxelos relativos a situacións acontecementos e obxectos coñecidos e próximos ás necesidades e intereses dos alumnos.
- Utilizar de forma oral a lingua estranxeira que están a aprender como lingua entre profesores e compañeiros durante a clase, e nas situacións de comunicación creadas a este fin, atendendo ás normas básicas de comunicación interpersonal, amosando respecto e interese polas contribucións dos demais.
- Comprender globalmente mensaxes orais contextualizados.
- Dar ordes e instrucións sinxelas e comprendelas.
- Ler de forma comprensiva textos curtos e sinxelos relacionados coas actividades da aula, coas súas experiencias e intereses.
- Act out: interpretar un papel ficticio ou real entre dous ou máis alumnos.
- Adquirir un vocabulario básico e saber empregalo para expresa-las necesidades básicas de comunicación.

Comunicación escrita

- Producir textos escritos breves e sinxelos acerca de temas con interese para os alumnos tales como comidas, horarios, o colexio, a casa, os amigos, rutinas, deportes, programas de televisión, aspectos de si mesmo e a súa familia.
- Describir dunha forma sinxela a outra persoa, a si mesmo, a un obxecto, animal, o seu dormitorio, ...

Estructuras lingüísticas

- Saber utiliza-lo adxectivo diante do nome.
- Xenitivo saxón ou caso posesivo.
- Coñecer determinantes demostrativos e posesivos.
- Saber forma-lo plural dos nomes.
- Verbos “TO BE” e “TO HAVE GOT” en Presente simple e continuo.
- Presente simple e continuo dos verbos.
- Coñece-los comparativos e superlativos con adxectivos curtos.
- Pasado simple: verbos regulares e irregulares (iniciación).

Compoñente sociocultural

- Recoñecer e aprecia-lo valor das linguas estranxeiras e a propia capacidade para aprender a amosar unha actitude positiva cara a elas.
- Valorar e coñece-la cultura anglosaxona, comezando polos seus costumes máis típicos, comidas, horarios, monumentos e o modo de ser británico.
- Comparación das formas de vida estranxeira coas formas de vida do propio país.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer e reproducir os fonemas característicos, así como as pautas básicas de ritmo e entoación nas palabras que aparezan no contexto dun uso real da lingua.
- Capta-lo sentido global de textos orais emitidos en situacións de comunicación cara a cara, co apoio xestual e mímico e as repeticións necesarias, nas que aparezan combinacións de elementos previamente aprendidos e que versen sobre temas familiares e coñecidos polo alumnado.
- Extraer informacións específicas, previamente requiridas, de textos orais cunha estrutura e un vocabulario sinxelos que traten temas familiares para o alumno e do seu interese (a vida cotiá, gustos, preferencias e opinións e experiencias persoais).
- Participar en intercambios orais breves relativos a actividades habituais de clase producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.
- Participar en situacións de comunicación interactiva simuladas previamente traballadas na clase, utilizando con propiedade as fórmulas de relación social máis habituais na lingua estranxeira. Extraer o sentido global e algunhas informacións específicas de textos breves (escritos) e cun desenrolo lineal, unhas estruturas e un vocabulario sinxelo nos que se traten temas familiares e de interese para o alumno.
- Producir textos escritos moi breves, comprensibles e adaptados ós que aparecen implícitos nas mostras de lingua traballadas na clase.
- Ler coa axuda do profesor ou do dicionario libros sinxelos para nenos, co apoio audiovisual a poder ser, escritos en lingua inglesa e amosa-la comprensión acadada.
- Identificar e empregar de forma contextualizada os resgos socioculturais da Gran Bretaña e países de fala inglesa para valora-los riscos da cultura galega.
- Producir escritos breves e comprensibles, nos que se reflectan os contidos traballados na clase.

EDUCACIÓN PRIMARIA: ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

OBXECTIVOS MÍNIMOS

Cancións:

- Coñecer e interpretar cancións tradicionais e de autor, a unha ou máis voces.
- Valora-la voz como instrumento máis idóneo para a expresión musical.
- Utiliza-la voz de maneira adecuada.

Instrumentos:

- Acompañar algunhas cancións con soporte rítmico e/ou melódico con distintos instrumentos de percusión.
- Ídem coa fruta.

Grafía musical:

- Adquirir un nivel que lle permita ser capaz de producir e interpretar pequenas composicións tanto individualmente como en conxunto.

Cualidades do son:

- Recoñecer e usar adecuadamente as cualidades do son.

Actitude corporal:

- Aprecia-la conveniencia de chegar a un nivel alto de concentración para a correcta interpretación, escoita e creación de obras musicais.

Traballo colectivo:

- Respetar e participar no traballo colectivo que a práctica da música require.

O silencio:

- Valora-la necesidade de silencio para chegar a unha concentración, atención, captación e memorización de calquera dos aspectos da educación musical.

O movemento expresivo:

- Ser capaz de imitar e reproducir ritmos en xeral e danzas estruturadas.
- Coñece-las distintas posibilidades respiratorias.
- Iniciarse na relaxación voluntaria.

O espazo e o tempo individuais:

- Lograr unha correcta situación do corpo no espazo inmediato.

Os sentidos:

- Establecer relacións co entorno a través de coñecemento sensorial.

Os xogos tradicionais:

- Coñecer xogos populares da cultura propia e doutras culturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar cancións e canons.
- Interpretar e acompañar cancións coa frauta e con distintos instrumentos de pequena percusión.
- Ler, escribir e interpretar composicións musicais sinxelas.
- Distinguir as cualidades do son: timbre, duración, intensidade e altura.
- Ser capaz de escoitar atentamente unha obra musical.
- Participar nas actividades e respectar o traballo dos compañeiros.
- Ser capaz de manter silencio.
- Interpretar danzas.
- Ser capaz de reproducir distintos ritmos.
- Usar a respiración adecuadamente.
- Ser capaz de relaxarse.
- Manipular e observar a través dos distintos sentidos.
- Interese por coñecer xogos, cancións e danzas populares propios e doutras culturas.

EDUCACIÓN PRIMARIA: ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

O corpo: imaxe e percepción

- Identificar e enumerar as partes do corpo en sí mesmo e nos demais.
- Aprender a moverse gardando o equilibrio tónico.
- Desenvolver a capacidade motora xeral.
- Desenvolver e afianzar as coordinacións grosas e finas.
- Afianza-la estrutura espacio-temporal.
- Mante-lo equilibrio seguindo distintos percorridos: espirais, diagonais, con diversas bases de sustentación,...

O corpo: expresión e comunicación

- Adapta-lo movemento do corpo a secuencias rítmicas.

Saúde corporal

- Adquirir hábitos de hixiene corporal e o coidado da saúde.
- Utilizar correctamente os espazos e materiais.

Os xogos

- Fomenta-lo uso das formas espontáneas de xogo.
- Practicar xogos de execución moi sinxela.
- Aceptar a tódolos compañeiros nos xogos e nas actividades de grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Orientarse, respecto a si mesmo, no espazo coñecido coas relacións básicas: dentro, fora, arriba, abaixo, diante, detrás,...
- Sincronización do movemento corporal por salto, correndo, andando, pateando, etc.
- Emprego das habilidades básicas de xiro.
- Comproba-las normas de hixiene corporal do alumno.
- Observa-la relación adecuada do alumno no seu grupo e se utilizan o xogo como medio de interrelación.

SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

O corpo: imaxe e percepción

- Control de distancias en relación ós compañeiros nos desprazamentos.
- Orientarse con respecto a un obxecto.
- Diferenciación de velocidades e duracións e percepción da relación velocidade-duración
- Adecuación do movemento a cambios de ritmos.

O corpo: habilidades e destrezas

- Coñecer e diferenciar as accións de lanzar, recibir e interceptar.
- Lanzar con precisión sobre brancos en movemento.
- Botar con oposición dalgún compañeiro.
- Tomar conciencia dos saltos en lonxitude e altura.

O corpo: expresión e comunicación

- Elaborar e inventar respostas corporais que sirvan para a comunicación.
- Inicia-la escenificación de diversas situacións dadas.

Saúde corporal

- Hábitos de coidado externo do corpo: hixiene diaria, cambio de roupa e calzado,...
- Fomenta-la postura correcta en posicións básicas.
- Hábitos de coidado do corpo e normas de alimentación básicas.

Os xogos

- Aproveita-la forma xogada para o desenvolvemento das habilidades e destrezas básicas.
- Coñecer estratexias básicas de cooperación, de oposición e de cooperación-oposición.
- Valora-las posibilidades de equipo e de participación de cada un dos seus membros con independencia dos resultados obtidos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Orientarse no espazo con relación ás posicións dos outros compañeiros e obxectos.
- Comproba-la capacidade de lanzar, recibir e interceptar.
- Avalia-la coordinación á hora de botar en desprazamento con oposición.
- Valora-la capacidade expresiva e xestual á hora de comunicarse.
- Poñer en práctica as normas de saúde corporal coñecidas.

TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS MÍNIMOS

O corpo: imaxe e percepción

- Afirmación da lateralidade.
- Control da respiración despois dun esforzo.
- Orientación no espazo con respecto a un obxecto en movemento. Control das distancias.
- Percepción da duración das distintas tarefas.
- Posibilidades de movemento para interceptar obxectos en movemento.

O corpo: habilidades e destrezas

- Enlazar accións de recibir e lanzar con precisión, utilizando distintos segmentos.
- Progresar nos saltos de altura e lonxitude e na combinación de ámbolos dous.
- Controla-lo corpo para saltar e xirar nos distintos eixes con ou sen apoios.
- Manter un certo grao de flexibilidade que permitan realizar con soltura os movementos habituais.
- Uso das habilidades básicas na iniciación deportiva.
- Desenvolvemento das calidades físicas básicas.

O corpo: expresión e comunicación

- Expresar sentimentos, estados de ánimo e escenificar contos.
- Valora-la potencialidade e a comunicación que ofrece o noso corpo en distintas situacións expresivas.

Saúde corporal

- Hábitos de traballo presentes na actividade física: quecemento, relaxación.
- Medidas básicas para prever e reaccionar ante os accidentes.
- Cumprimento das normas de seguridade en canto ó uso das instalacións e materiais.
- Consolidar os hábitos de hixiene corporal.

Os xogos

- Actividades de iniciación deportivas, cun carácter máis de recreación que de aprendizaxe da técnica deportiva, en situacións de xogo.
- Acepta-lo papel que corresponde desempeñar en calquera tipo de xogo.
- Asimilar e aplicar as regulamentos básicas dos xogos para un mellor desenvolvemento dos mesmos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Axusta-los movementos corporais ás relacións espaciais (sentido, dirección, orientación,...) e temporais (orde, duración, secuencia, velocidade, ritmo, antes, despois,...)
- Ter aumentado, xeralmente, as capacidades físicas básicas segundo o desenvolvemento motor normal a esas idades.
- Utiliza-los recursos de expresión do corpo para comunicar ideas e sentimentos, e representar personaxes e feitos.
- Comprobar e relaciona-la práctica de exercicio e o mantemento e mellora da saúde.
- Comprobar como a valoración do xogo e a práctica de actividade física , o esforzo e as relacións do grupo son máis importantes cós propios resultados (gañar e perder).

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

PROMOCIÓN DE TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA Á E.S.O.

Ó remate da Educación Primaria terán que permanecer un ano máis no Centro:

- a) Os/as alumnos/as que non acaden os obxectivos mínimos en **Matemáticas e Lingua** (castelá, galega ou inglesa).
- b) Os/as alumnos/as que non acaden os obxectivos mínimos **en máis de dúas materias fundamentais**, agás o contemplado no apartado a).

Materias fundamentais

- *Matemáticas*
- *Coñecemento do Medio*
- Linguas: castelá, galega e inglesa

PROMOCIÓN DE SEGUNDO Ó TERCEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Para promover dende o Segundo ó Terceiro Ciclo da Educación Primaria se seguirán os mesmos criterios expostos para a promoción desde O terceiro ciclo á E.S.O.

PROMOCIÓN DE PRIMEIRO Ó SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os/as alumnos/as que rematen o Primeiro Ciclo da E.P. deberán permanecer un ano máis no ciclo se non acadan os obxectivos mínimos en **Matemáticas e Lingua** (castelá ou galega).